



PROCESO DE REFUNDACIÓN DO SOBERANISMO GALEGO

PROPOSTAS PARA UN DEBATE IMPRESINDÍBEL



O Movemento Galego ao Socialismo (MGS) considera de enorme relevancia o proceso de refundación aprobado na XV Asemblea Nacional do BNG, concretado despois no "Proceso Adiante" polo Consello Nacional da fronte, e xa iniciado no mes de abril. Se ben é evidente que esta iniciativa débese fundamentalmente á fraqueza do conxunto do soberanismo galego, non debería limitarse a unha análise conxuntural dos últimos anos co obxectivo de paliar a deleiba, senón que debería dotarse dunha actualizada perspectiva estratéxica.

Do noso punto de vista, unha iniciativa deste grao debe dirixirse a entender os nós principais das contradicións da Galiza do século XXI, para insertar nela o seu movemento de liberación nacional e poder desenvolver a liña política que precisamos nesta fase histórica.

UN PROCESO DE VERDADE

Cómpre elimitar o que non debe ser esta iniciativa: en ningún caso debe limitarse a representar unha reconstitución dunha "marca electoral" capaz de acadar mellores resultados ou maiores cotas de representación. Tampouco debe limitarse ao impulso de determinadas reformas internas no BNG, senón que ten que ter unha visión de conxun-

to do movemento soberanista, da súa táctica e estratexia, e do papel que ten que cumprir alí a organización política de masas; por último, ten que tratarse dun proceso profundo e real, que non veña limitado desde o comezo e organizado cun procedemento fraudulento e dirixista, cun resultado predeterminado, que só xeraría frustración.

É o camiño máis difícil no curto prazo mais tamén é a vía máis sincera e, por riba de calquera outra consideración, a máis necesaria.

UNHA NOVA ORGANIZACIÓN

A constitución dunha nova organización política é a forma máis coherente de acometer unha refundación: sexa baixo a forma dun novo BNG ou baixo novo nome, resultado do proceso que non prexulgamos, debe nacer unha nova organización. Os momentos fundacionais son sempre determinantes xa que permiten unha reflexión máis ampla e profunda, a súa influencia é moito maior que o de calquera xiro estratéxico ou rectificación que se adopte nunha organización xa constituída, e ademais, permite visibilizar unha liña de demarcación cos aspectos negativos do pasado, recollendo todo o positivo do amplo e recoñecido legado de loita.

**Faise preciso
recoller, ampliar
e coordinar todo
o activismo social
e político
coa autoorganización
como criterio rector**

Os principios do BNG son o chan do que partimos, mas en ningún caso poden ser o teito que nos autolimite.

UNHA ORGANIZACIÓN INDEPENDENTISTA

É o momento de prolongar de forma natural a evolución histórica do movemento nacional galego: a única forma posíbel de acadar a liberación nacional é por medio da consecución dun Estado independente, por medio da ruptura democrática fundamentada na vontade popular.

Trátase dunha alternativa máis clara ante o pobo, que afirma un ideal estratéxico sen ambigüidades. Non podemos aceptar que se invoque a ausencia de conciencia nacional suficiente para xustificar a renuncia; en

primeiro lugar, porque a súa asunción non supón renunciar a procedementos tácticos que sirvan de nexo coa subxectividade do pobo en cada momento; en segundo, porque a única posibilidade de acadar a hexemonía social en torno da independencia é construíndo un movemento popular que a defenda.

O independentismo representa unha demarcación inmediata de todas as falsas saídas das propostas federalistas ou confederalistas, e serve de antídoto ante opcións involucionistas ao representar un emprazamento ao poder que este non pode asimilar. Tamén nos sitúa de forma máis clara no ámbito internacional, axudando a internacionalizar a denuncia da opresión nacional galega e a defensa da autodeterminación e os dereitos dos pobos.

UNHA ORGANIZACIÓN ANTI-CAPITALISTA

Non aspiramos a construír unha organización nova para representar a esquerda do sistema, conscientes de que esa posición contribúe a reforzar a súa lexitimidade e pluralismo aparente, como fan todas as organizacións reformistas en toda circunstancia. A nova organización ten que comprender o que nos é particular na conxuntura actual, mais tamén a vivencia das estruturas económicas e políticas, isto é, analizar en profundidade a estrutura e a loita de clases que se desenvolve na Galiza do noso tempo, que evidentemente continúa a ser o motor da historia, así como os profundos antagonismos e deficiencias estruturais do capitalismo, e as interrelacións entre o capital, o traballo e o Estado.

A batalla non é apenas contra o neoliberalismo como aposta estratéxica do capitalismo nas últimas décadas, senón contra o cerne da explotación e a inxustiza.

UNHA ORGANIZACIÓN FEMINISTA

A loita anticapitalista ten que ir ligada a desmontar a lóxica patriarcal e a situar a vida e os coidados no centro da construción política do individuo e da sociedade, rachando os esquemas binarios que perseguen a diversidade e todas as súas expresións.

O soberanismo debe ter un discurso avanzado que permita promover avances neste campo para acompañar a loita social coa antipatriarcal, introducindo os debates e as

reflexións dos feminismos na práctica política diaria abrindo debates que cuestionen o stáтус quo do sistema e lanzando alternativas que constrúan unha nova realidade.

UNHA NOVA ARTICULACIÓN POLÍTICA

Apostamos por un instrumento político de masas que actúe como “unidade popular” en vez de “frente patriótica”, agrupando forzas populares, fundamentado nun programa claro de reivindicacións concretas, destinado e adecuado a unha fase de confrontación co Estado e centrado nas loitas polas reivindicacións e intereses das clases populares. Fuximos do debate nominal e do fetichismo –non teñen porque cambiar as organización por cambiar os nomes, e o concepto, como tantos outros, está deturpado e desgastado en grande medida polo seu uso fraudulento en diversos ámbitos, algúns moi recentes- mais si aproveitaremos a importancia dos símbolos e as definicións oportunas na construción de identidades.

ARTICULACIÓN DO MOVEMENTO NACIONAL E POPULAR

O soberanismo galego foi quen de criar e articular un modesto mais relevante tecido social, alicerzado na auto-organización. Para que avanzarmos, faise preciso recoller, ampliar e coordinar todo o activismo social e político coa autoorganización como criterio rector; xa que calquera outro método representa a negación dunha ruptura de calidade, da capacidade do noso pobo para protagonizar a súa propia liberación.

Mas non abonda coa auto-organización: é preciso que o tecido social teña a súa vida propia, a súa dinámica democrática e autónoma, e a maior capacidade de influencia no seu ámbito, e á vez que se relacione de forma continua e dialéctica cunha organización política capaz de ser alternativa de masas e institucional, de combate e de goberno, de loita ideolóxica e de axitación social.

Neste sentido, é preciso que o soberanismo constrúa unha alianza nacional e popular que acepte e fomenta formas de organización e intervención moi diversas, e que ao mesmo tempo fortaleza o movemento soberanista no seu conxunto. Unha alianza baseada no respecto entre os actores ampliada por medio da mobilización popular.



MONCHO REBOIRAS VIVE!

ACTO DO MGS
12 DE AGOSTO ÁS 13h
CEMITERIO DE IMO - DODRO

RECITAL POÉTICO
ACTUACIÓN MÚSICAL
INTERVENCIÓNS
XANTAR POPULAR
ROTEIRO



**MOVIMENTO
GALEGO AO
SOCIALISMO**

Avenida de Castelao, 30 baixo 15705 - Compostela

mgs.gal | nacional@mgs.gal



/mgsгалiza



@mgsгалiza



@MGS_Exterior